



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Programa consolidada Cambre 2022

ANUNCIO: Aprobación definitiva das bases da convocatoria pública de subvencións municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre - Programa Consolidada Cambre 2022

O Pleno municipal, na sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, aprobou inicialmente as bases reguladoras da convocatoria pública do programa de axudas municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre, Programa Consolidada Cambre 2022, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude (anexos). O anuncio da aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 85, do 5 de maio de 2022.

As bases íntegras publicáronse no taboleiro de anuncios e páxina web municipais o 6 de maio de 2022.

Abriuse entón un prazo de información pública e audiencia aos interesados de 30 días hábiles, que rematou o 17 de xuño de 2022, para a presentación de reclamacións ou suxestións, segundo o establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Ao non presentarse nese período ningunha reclamación ou suxestión, enténdense definitivamente aprobadas, facendo constar que contra este acordo non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente o texto das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, facendo constar que contra este acordo non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Cambre, 22 de xuño de 2022

O concelleiro delegado da

Área de Desenvolvemento Socioeconómico

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Diego Alcantarilla Rei

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS - PROGRAMA CONSOLIDA CAMBRE 2022.

Nesta anualidade como nas anteriores, seguemos enfrontados cunha situación única, esta vez ocasionada pola grave crise enerxética e inflacionista, xunto coa situación provocada pola guerra de Ucraína, xusto cando as empresas remontaban da crise sanitaria da pandemia do Covid -19. Neste contexto as administracións públicas debemos aunar esforzos para paliar o impacto económico e a perda de actividade e produtividade que está a sufrir o noso tecido empresarial poñendo en marcha medidas eficaces e eficientes.

Base 1ª – Disposición xeral

1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa “Consolida Cambre 2022”, ten por obxecto apoiar a consolidación de empresas de recente creación do noso municipio e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (capítulo VII art. 16).

1.2. As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V “Subvencións” das bases de execución do orzamento para o exercicio 2022 do Concello de Cambre.

1.3. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

1.3.1. Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

1.3.2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

1.3.3. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.4. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 433 470 01 “Fomento do emprego Consolida Cambre”. En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 2ª – Obxecto e persoas beneficiarias

2.1. Obxecto

2.1.1. A finalidade deste programa é contribuír á consolidación dos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre durante os anos 2018 e 2019, con independencia da súa forma xurídica, que facilitaran a creación do posto de traballo do emprendedor ou emprendedora que os levaran a cabo.

2.1.2. Esta finalidade concrétese na subvención da cota correspondente ao réxime especial de traballadores autónomos, ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou da mutualidade de colexio profesional correspondente, tomando como referencia a base mínima de cotización que corresponda, vixente en cada momento.

2.1.3. Ao abeiro do programa Consolida Cambre 2022, as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalizaran entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2019.

2.1.4. Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva, segundo o disposto no art. 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes tramitaranse ata esgotar o crédito aprobado para a convocatoria. De ser o caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente, o último beneficiario non recibirá a cantidade íntegra da subvención concedida.

2.2. Persoas beneficiarias

2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas autónomas, sexan autónomas individuais ou socios/as de microempresa ou peme, (para a definición de microempresa e pequena empresa terase en conta o establecido no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014) que reúnan os seguintes requisitos na data de publicación do extracto da convocatoria da subvención:

- a) Que se deran de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís dende o 1 de xaneiro de 2018 ao 31 de decembro de 2019, e que seguiran de alta ata no momento da apaertura do prazo de solicitude da subvención, de xeito ininterrompido.

- b) Que desenvolveran a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
- No caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre, segundo alta no Censo de Actividades Económicas (Modelo 036 ou 037) ou Certificado de situación censual.
 - No caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa se atope no termo municipal de Cambre. En caso de autónomos individuais sen establecemento, entenderase que desenvolven a súa actividade no domicilio que apareza no certificado de situación censual.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e con estas bases, o Concello de Cambre solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Facenda autonómica e o propio Concello de Cambre, para verificar o cumprimento deste apartado.

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, e no punto 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, terse declaradas en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen obstea a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

2.2.4. Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos colaboradores.

2.2.5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 2.2.2 e 2.2.3 anteriores para obter a condición de beneficiario se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo Anexo II.

Base 3ª – Crédito orzamentario

3.1. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 60.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 433 47001 “Fomento do emprego Consolida Cambre”.

3.2. En calquera caso a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria de referencia. A contía máxima a conceder a cada persoa beneficiaria non poderá superar os 1.100,00 €.

3.3. No caso de que as axudas calculadas deste xeito superen o crédito orzamentario previsto nas bases, para a adxudicación das axudas seguirase a orde de presentación das solicitudes completas; isto é: que acheguen a totalidade da documentación requirida para a solicitude.

Base 4ª – Tipo de subvención e contía

4.1. As axudas obxecto destas bases subvencionarán ata o 100% das cotas pagadas nos 18 primeiros meses de actividade, que poderán coincidir cos anos 2018, 2019, 2020 e 2021. A cantidade a subvencionar nunca poderá exceder o importe máximo por beneficiario establecido no punto 4.3. As cotas serán as correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, ata o esgotamento dos fondos.

4.2. Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

4.3. En todo caso, o importe máximo de subvención por beneficiario non poderá superar os 1.100,00 €.

Base 5ª – Concorrenza con outras subvencións

5.1. Esta subvención é compatible con calquera outra concedida por outras administracións ou empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais e, en especial coas axudas establecidas como plan de rescate por mor da pandemia reguladas pola Xunta de Galicia.

5.2. Será incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto outorgada por outras administracións públicas, institucións, etc, e nomeadamente, coa subvención das cotas de cotización á Seguridade Social do pago único da prestación contributiva por desemprego ou coas subvencións das cotas aboadas nas anteriores edicións do programa Consolida Cambre.

5.3. Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, non poderá superar en todo caso o límite de 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais para o/a mesmo/a beneficiario/a e no caso dunha empresa que opere no sector do transporte por Cambre non será superior a 100.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Base 6ª – Solicitudes e documentación

6.1. As persoas beneficiarias ás cales vai dirixida estas subvencións son as persoas autónomas que xa teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Seguridade Social (artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, modificada pola Orde ESS/214/2018, do 26 de marzo), exercen unha actividade económica e dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento en calquera actividade comercial que realicen, polo que a presentación electrónica suporá un importante aforro de tempo e recursos materiais na súa tramitación.

6.2. As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Cambre <http://sede.cambre.es>. Non serán admisibles

6.3. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado “Solicitude” que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) No caso de pertencer a sociedades mercantís e non mercantís, ademáis do DNI deberán presentar o CIF e escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís; certificado de nomeamento ou documento xustificativo da persoa que asina a solicitude no nome da sociedade.
- c) Certificado de Declaración de situación censual de alta na Axencia Tributaria actualizado.
- d) Informe actualizado de vida laboral do beneficiario/a.
- e) Declaración responsable e autorización segundo o modelo do ANEXO II, na que conste:
 - Declaración de que todos os datos que constan na solicitude e os documentos que se xuntan son certos.
 - Declaración de non incorrer en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base segunda do programa, non concorrir ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2013, e de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
 - Autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria Estatal, coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria de Galicia e o Concello de Cambre.
 - Autorización ao Concello de Cambre para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Consolida Cambre.
 - Se a actividade se desenvolve a través de sociedade, sexa cal sexa a súa forma xurídica, deberá presentarse a autorización da comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias pola persoa xurídica, asinada polo representante desta, e coa Seguridade Social e o Concello de Cambre. (Anexo II a nome do solicitante e a nome da Sociedade).
- f) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do ANEXO III.
- g) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate das 18 primeiras cotas aboadas dende a súa alta como autónomo.
- h) Certificado do número IBAN en conta bancaria, titularidade do interesado.
- i) No caso de ter solicitada a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, deberán presentar a resolución de concesión.
- j) Calquera outra documentación que se lle requira por parte do Concello de Cambre.

6.4. En aplicación do artigo 53.1. d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os cidadáns quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos que se establecen nas bases cando estes se atoparan en poder do propio Concello, para o cal deberán manifestar o expediente no que se constan presentados.

6.5. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada a comparación das copias aportadas pola persoa interesada para o cal poderá requerir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Base 7ª – Convocatoria e prazo de presentación de solicitudes

Da convocatoria da subvención darase traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Base 8ª – Tratamento de datos de carácter persoal

Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

Se é o caso os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

Así mesmo, co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos de identificación das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucional de que dispón o Concello de Cambre como páxina web ou taboleiro de anuncios.

Base 9ª – Autorizacións

A solicitude desta axuda comportará a autorización do solicitante ao Concello de Cambre para poder verificar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda correspondente á presente convocatoria, podendo comprobar ou recadar as certificacións de cumprimento das súas obrigas que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, así como para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O concello resérvase o dereito a requirir ao solicitante no caso de que a referida información presente incidencias. Nembargantes, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, aportando entón as certificacións correspondentes de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Cambre.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación das entidades beneficiarias, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que se incorporen á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Base 10ª – Procedemento de concesión, instrución e tramitación

10.1. O procedemento de concesión das subvencións reguladas nas presentes bases entenderase iniciado coa aprobación e publicación da convocatoria.

10.2. O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

10.3. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

10.4. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.5. Logo da aprobación polo órgano competente, publicaranse as subvencións concedidas na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios do Concello de Cambre e na Base Nacional de Subvencións (BNDS), considerando o regulado na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de “Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (LPOD-GDD)” sobre a fixación de regras sobre o uso de datos persoais identificativos das persoas interesadas nas publicacións sobre actos administrativos. Esta publicación terá os efectos de notificación.

10.6. Respecto as solicitudes denegadas por non cumprir os requisitos das presentes bases, ou por esgotamento do crédito da convocatoria, serán notificadas só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 11ª – Concesión da axuda. Resolución e recursos

11.1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, unha vez recibidas a proposta, parciais ou definitivas, dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

11.2. As resolucións de concesión ou denegación das subvencións conterà expresamente a contía, condicións e obrigas ás que deba suxeitarse o/a beneficiario/a, así como as solicitudes desestimadas e os motivos de desestimación.

11.3. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 3 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.5. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran DEZ días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

11.6. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación de conformidade, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación ANEXO IV. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tácitamente aceptada. Os beneficiarios estarán eximidos de presentar o dito anexo si no momento da solicitude marcaran aceptación da subvención na casilla correspondente do impreso Anexo II.

Base 12ª – Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1 n) da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

Base 13ª – Pagamento da subvención

13.1. Logo da resolución de concesión, o alcalde, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda.

13.2. O aboamento levarase a cabo nun único pago por beneficiario, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións, e mediante transferencia bancaria á conta sinalada de titularidade da persoa beneficiaria.

Base 14ª – Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios as establecidas, con carácter xeral, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e, en particular, as establecidas nestas bases reguladoras como requisitos e na resolución de concesión. En particular, os beneficiarios asumirán as seguintes obrigas:

- a) Xustificar ante o órgano que concede o cumprimento dos requisitos e das condicións establecidas e someterse ás actuacións de control e comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
- b) Comunicarlle ao órgano que concede calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- c) Conservar os documentos xustificativos relativos á subvención, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

e) Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para isto, os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán colocar no seu local durante un ano dende a publicación da concesión das subvencións, un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Cambre. O modelo normalizado do cartel será publicado polo concello xunto coa resolución de concesión. No caso de non dispor de establecemento permanente, a publicidade do financiamento estudarase en cada caso.

Base 15ª – Revogación e reintegro

15.1. Procederá a revogación da axuda, así como ao reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15.2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

15.3. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

Base 16ª – Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base decimo terceira, apartado a) deste programa. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 17ª – Incorporación ao Rexistro público de subvencións, publicación da subvención concedida e obrigas de transparencia

17.1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

17.2. De acordo co disposto no artigo 8 da lei 13/2013 de Transparencia, acceso á información e bo goberno, a entidade beneficiaria e o Concello de Cambre están obrigados a publicar as subvencións concedidas con indicación do importe, obxecto, finalidade e beneficiarios e beneficiarias.

17.3. A resolución de outorgamento das axudas ao abeiro desta convocatoria e os seus beneficiarios, publicarase na páxina web oficial (<http://www.cambre.org>) e no taboleiro de anuncios con expresión da convocatoria, entidades beneficiarias e achegas concedidas

Base 18ª – Marco normativo

En todo aquilo non previsto nesta convocatoria será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, as bases de execución do Orzamento para o exercicio 2022, no Plan Estratégico de subvencións de Cambre 2020 - 23 e demais lexislación vixente en materia de subvencións públicas e de procedemento administrativo.



SOLICITUDE (ANEXO I)
“CONSOLIDA-CAMBRE 2022”
 Axencia de Desenvolvemento Local
 981 613196 / 981 613128
 adl@cambre.org

SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.	
Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo	
<input type="checkbox"/>	Empresa individual	<input type="checkbox"/>	Sociedade civil
<input type="checkbox"/>	Sociedade Limitada		
<input type="checkbox"/>	Outras sociedades		

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N.I./N.I.E
-----------------	--------------

ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo electrónico habilitado aos efectos de notificacións

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

Actividade económica (descrición)	CNAE	
Enderezo da actividade		
C.P.	Localidade	Provincia
Tf.	Correo	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

PERSOA FÍSICA	
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI ou NIE
PERSOA XURÍDICA	
<input type="checkbox"/>	Copia do NIF
<input type="checkbox"/>	Copia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, acreditativa da personalidade xurídica
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI ou NIE da persoa que exerza a actividade
COMÚN	
<input type="checkbox"/>	Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable e autorizacións (Anexo II)
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (Anexo III)
<input type="checkbox"/>	Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das dezaoito cotas de autónomos subvencionables abonadas ou Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate
<input type="checkbox"/>	Informe de vida laboral actualizado
<input type="checkbox"/>	Certificado de conta bancaria
<input type="checkbox"/>	Outra documentación (especificar)

Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da convocatoria de axudas para a consolidación de empresas do programa **CONSOLIDA CAMBRE 2022** do Concello de Cambre, **SOLICITA** a concesión da correspondente axuda económica, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Asdo,

Cambre, de de 2022

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre. adl@cambre.org


DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)
“CONSOLIDA-CAMBRE 2022”

 Axencia de Desenvolvemento Local
 981 613196 / 981 613128
 adl@cambre.org

PERSOA SOLICITANTE

Don / dona	<input type="text"/>	con D.N./N.I.E.	<input type="text"/>
En nome e representación de			
Razón social	<input type="text"/>	con C.I.F.	<input type="text"/>

DECLARA RESPONSABLEMENTE

<input type="checkbox"/>	Que non esta incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
<input type="checkbox"/>	Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
<input type="checkbox"/>	Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
<input type="checkbox"/>	Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
<input type="checkbox"/>	Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base segunda da convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
<input type="checkbox"/>	A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, así como o padrón de habitantes se é o caso.
<input type="checkbox"/>	Que no caso de que a subvención sexa concedida, acepta a mesma.

Cambre, de de 2022	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, “A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”
Asdo,	

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.


**DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA
DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III)
"CONSOLIDA-CAMBRE 2022"**

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org
g

ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona	<input type="text"/>	con D.N./N.I.E.	<input type="text"/>
En nome e representación de			
Razón social	<input type="text"/>	con C.I.F.	<input type="text"/>

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade que as subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade ten concedidas, neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Cambre, de de 2022	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
Asdo,	
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.	



**ACEPTACIÓN DA AXUDA (ANEXO IV)
"CONSOLIDA-CAMBRE 2022"**

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

PERSOA SOLICITANTE

Don / dona	<input type="text"/>	con D.N.I./N.I.E.	<input type="text"/>
En nome e representación de			
Razón social	<input type="text"/>	con C.I.F.	<input type="text"/>

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que segundo o establecido na base 11ª.6 da convocatoria da subvención municipal á consolidación de empresas do Concello de Cambre – Programa CONSOLIDA- CAMBRE 2022, que establece *"Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada..."*

ACEPTA a subvención concedida polo Concello de Cambre ao abeiro da convocatoria Programa **CONSOLIDA CAMBRE 2022**

Cambre, de de 2022	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
Asdo,	

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

2022/3849